



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Cuenta general del ejercicio 2023

ANUNCIO

Logo de formar a Intervención a conta xeral do Concello de Carral (A Coruña) correspondente ao exercicio de 2023, e de poñer as contas e a documentación complementaria que a integran a disposición de todos/as os/as membros da Corporación e, por tanto, dos/as integrantes da comisión especial de contas do Concello dende o 5 de agosto de 2024, en cumprimento do establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a devandita comisión emitiu informe favorable ao respecto na súa sesión realizada o 28 de agosto de 2024.

En cumprimento do establecido no art. 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, a conta xeral e o devandito informe da comisión especial de contas quedan expostos ao público por prazo de 15 días dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante os cales os/as interesados/as poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. En canto a Comisión especial os examine e practique cantas comprobacións estime necesarias, emitirá un novo informe. Acompañada dos informes da comisión especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ao Pleno da Corporación, para que, no seu caso, sexa aprobada e rendida ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

Carral , 29 de agosto de 2024

O alcalde,

Francisco Javier Gestal Pose

2024/6102